




Exercicios de metamorfismo

1. O metamorfismo son cambios na rocha sempre en estado.....
2. Que quere dicir metamorfismo isoquímico e m. aloquímico? Cal é o máis frecuente?
3. Cales son os factores que producen metamorfismo?
4. Cales son as causas da subida da temperatura nunha rocha?
5. Que é o gradiente xeotérmico? De canto é? Varía en profundidade? E en distintas zonas da Terra?
6. A presión de orixe tectónico é :
 - a. presión dirixida,
 - b. presión de confinamento,
 - c. presión litostática, ou
 - d. presión de fluídos
7. O metamorfismo produce cambios sobre todo de:
 - a. textura e composición química da rocha,
 - b. textura e composición mineralóxica,
 - c. composición mineralóxica e química da rocha,
 - d. textura e brillo da rocha.
8. Nomea os cambios que ocorren nas rochas debido aos procesos metamórficos.
9. Nomea os tipos de metamorfismo e describe cada un deles cunha frase.
10. Di para cada unha destas zonas, que tipo de metamorfismo pode estar actuando?



11. O metasomatismo sobre as calizas e mármore xera rochas chamadas:
 - a. skarns,
 - b. corneanas,
 - c. lousas
 - d. migmatitas,
12. Explica a relación entre o metasomatismo e os fluídos hidrotermais. Os fluídos hidrotermais de onde proceden e que conteñen?
13. Explica o metamorfismo rexional
14. O metamorfismo dinámico:
 - a. débese á temperatura e orixina corneanas,
 - b. débese á temperatura e xera milonitas,
 - c. débese á presión e xera corneanas,
 - d. débese á presión e xera milonitas.
15. Relaciona a milonitización cun tipo de metamorfismo. Explicaa.
16. Que é a serie pelítica de rochas metamórficas? Como é? Que indica a aparición nuha zona da Terra de xistos?
17. Que é un mineral índice? Coñeces algún? Que indica?

18. A facies metamórfica de altas presións e baixas temperaturas é a facies de:

- a. xistos verdes,
- b. xistos azuis,
- c. ecloxita,
- d. granulita

19. Indica rangos de temperatura e presión das seguintes facies:

- a. xistos azuis,
- b. ecloxitas,
- c. corneanas hornbléndicas e
- d. anfibolitas

20. Cales son as principais facies metamórficas do metamorfismo de contacto?

21. Cales son as facies metamórficas do metamorfismo rexional?

22. En que tipo de metamorfismo se producen as tectitas?

23. A maior parte do metamorfismo prodúcese en :

- a. límites diverxentes,
- b. límites converxentes,
- c. límites pasivos,
- d. límites construtivos.

24. Completa a táboa :

Nome	Textura	Tipo e grao metamorfismo	Rocha orixinal
Lousa			
Filita			
Xisto			
Gneis			
Mármore			
Cuarcita			
Serpentinita			
Anfibolita			
Granulita			

25. Que é a foliación das rochas metamórficas?

26. Como distinguirías unha lousa dun xisto? Como é e como se chama a súa foliación?

27. Cal é a diferenza entre un ortogneis e o paragneis?

28. Que diferenzas e analoxías atopas entre a rocha caliza e o mármore?

29. Fai unha lista de rochas metamórficas con orientación e de rochas metamórficas sen orientación